



CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DA ESTRATEXIA INTEGRAL DE OPTIMIZACIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dous anos e tres meses dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A consecución dos obxectivos comúns de desenvolvemento da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia (EIOLOG) nos seguintes ámbitos de traballo:

- *Posta en marcha de servizos e actividades de difusión, formación e asesoramento definidos na EIOLOG.*
- *Elaboración de estudos e informes de viabilidade definidos na EIOLOG*
- *Promoción exterior da loxística galega segundo o definido na EIOLOG*
- *Planificación e priorización das actividades conxuntas e interlocución coa administración*
- *Promoción e ampliación do núcleo privado de colaboración*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O IGAPE é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciamento de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.

A Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 ten como un dos seus enfoques estratéxicos o da potenciación de infraestruturas e loxística. A partir deste enfoque desenvólvese a Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia (EIOLOG no sucesivo), que consta de 15 programas agrupados en tres obxectivos estratéxicos. A EIOLOG promove, para a súa execución, a coordinación e cooperación entre o sector público e privado, e desenvólvese a partir dun proceso participativo que incluíu aos axentes e empresas relevantes na alí denominada “función loxística” de Galicia: administración, xestores de infraestruturas e nodos loxísticos, operadores loxísticos e empresas dos sectores estratéxicos da economía galega con amplo uso de loxística.



O Igape forma parte do consorcio para o programa de cooperación interterritorial POCTEP denominado “CO-LOGISTIC: Impulso da actividade loxística no territorio Galicia-Norte de Portugal a través da potenciación das capacidades organizativas e tecnolóxicas do sistema loxístico Galicia-Norte de Portugal, para o fomento da internacionalización e incremento da presenza exterior das empresas dos ámbitos da loxística e de transporte”. Este proxecto reforza a viabilidade da execución da EIOLOG, posto que as actividades propostas están baseadas nesta Estratexia. Deste xeito, estase ante unha importante oportunidade de configurar unha efectiva colaboración co tecido industrial de Galicia que acompañe as actividades que ven realizando o consorcio CO-LOGISTICS.

O CFLOX é unha Asociación Empresarial galega sin ánimo de lucro, cuxa misión é contribuír a unha maior eficiencia da función loxística de Galicia, promovendo a súa competitividade, cunha especial atención á innovación e a internacionalización das empresas que forman parte da súa cadea de valor. A agrupación industrial unirá esforzos e intereses de forma colectiva e transversal, para lograr que Galicia sitúe como un polo loxístico de referencia global. A dita Asociación parte dos grupos de traballo creados para o deseño da EIOLOG, e en consonancia está completamente aliñada cos obxectivos da mesma. O CFLOX é unha agrupación industrial aberta e participativa, coa vocación de aunar os esforzos dos prestadores de servizos de transporte e loxística e das empresas demandantes destes servizos. Unha agrupación industrial transversal acorde á crecente relevancia da loxística como elemento fundamental de competitividade empresarial e territorial

O IGAPE e o CFLOX asinaron e levaron adiante un primeiro convenio de colaboración 2019-2021, que permitiu levar adiante boa parte dos retos e proxectos previstos na EIOLOG a través dunha auténtica colaboración público-privada.

O núcleo do plan estratéxico do CFLOX para os próximos dous anos constrúese, en esencia, a partir da execución de actividades que forman parte da Estratexia Integral de Optimización Loxística, o cal o converte ao acordo de asociación que se articula no presente convenio na vía única e directa de acadar os obxectivos de colaboración público-privada necesarios para a execución dos diversos plans da EIOLOG.

Por outra parte, o novo período de colaboración seguirá contribuíndo ao fortalecemento do Cluster, cuxa vocación é ser o punto de encontro dos diversos axentes da función loxística de cara á concertación de proxectos de colaboración intersectoriais, o favorecemento da conectividade exterior da industria galega e o mantemento da competitividade das infraestruturas de Galicia con respecto a outras rexións.

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE e CFLOX levarán a cabo, de forma conxunta, a realización de actividades dentro da EIOLOG. Por todo iso, CFLOX e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias citadas.



A utilización da figura do convenio baséase na especificidade e as características que se dan na entidade Cluster da Función Loxística de Galicia, cuxos obxectivos principais coinciden coas iniciativas e proxectos da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia elaborada pola Xunta de Galicia e xestionada polo IGAPE e configúrase como unha entidade sen ánimo de lucro, aberta á participación dos axentes que compartan os seus fins.

Esa especificidade singular e incomparable, xunto coa experiencia, preparación especializada e os propios medios da entidade, implican vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o Igape ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.

Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a CFLOX, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público como son os de desenvolver un sistema loxístico galego competitivo, que impulse a acción exterior do tecido produtivo galego e dea resposta aos retos derivados da internacionalización das cadeas de subministro, dos procesos globais de relocalización industrial, do cambio tecnolóxico e das novas pautas e tendencias de consumo. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela